

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA (ESPAÑA) E A UNIVERSITÄT WIEN PARA A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E A PROMOCIÓN DA LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS

REUNIDOS:

José Carlos López Campos, Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que, en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG. núm. 73, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e que actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo.

Stephan Müller, decano da Philologisch-Kulturwissenschaftliche Fakultät (Facultade de Filoloxía e Ciencia da Cultura).

MANIFESTAN:

1. A Xunta de Galicia (en adiante, Xunta), a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en adiante, Consellería), promove o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas, como trazo diferenciador e máxima expresión identitaria do pobo galego. A Lei de normalización lingüística establece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos de Galicia garantirán o seu uso normal. Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade de todos os grupos parlamentarios na sesión plenaria do 21 de setembro de 2004, recolle entre os obxectivos relacionados coa promoción exterior do galego o de consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introduci-lo noutras universidades de interese estratéxico. Estas razóns acreditan o interese público e social da sinatura do presente convenio, coa correspondente axuda que nel se recolle, e a súa singularidade derívase da conxunción do obxecto deste e do ámbito xeográfico ao que se circunscribe.

2. A Universität Wien é o órgano responsable da validación dos dereitos e do cumprimento das obrigas e o centro público de estudos superiores de referencia

no seu ámbito territorial, xa que dispón da infraestrutura material e persoal axeitados para levar a cabo accións de difusión da lingua galega. Esta exclusividade académica fai evidente a imposibilidade de promover a concorrencia en convocatoria pública.

3. A Universidade, que declara cumprir cos requisitos para obter a condición de beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ratifica o seu interese en continuar coa relación de colaboración, que dende o ano 2025, mantén coa Xunta de Galicia e que posibilita a incorporación do ensino da lingua, literatura e cultura galegas aos plans de estudo da Universidade.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polos seguintes

ACORDOS:

Primeiro. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases que rexerán a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Universität Wien para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, literatura e cultura galegas, non só no ámbito académico da Universidade senón tamén na súa área de influencia, de conformidade co establecido nos acordos segundo e terceiro.

De conformidade co sinalado no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a sinatura deste convenio non é posible promover a concorrencia pública, xa que a Universität Wien é a referente no estudo do galego no seu ámbito territorial e, ademais, a sinatura do convenio atópase dentro do vixente "Plan estratéxico de convenios de colaboración a subscribir pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua con outras institucións e entidades de base asociativa ou fundacional e con universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega", elaborado pola devandita secretaria xeral para o ano 2026.

Segundo. Compromisos da Universidade

1. Organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, literatura e cultura galegas, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións etc., tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

Na cartelería, dípticos, anuncios ou calquera outro elemento con fins publicitarios que se empreguen para anunciar actividades financiadas con cargo á subvención prevista neste convenio, deberá incluírse o logotipo oficial da Xunta de Galicia, así como nas publicacións financiadas, en todo ou en parte, con fondos recollidos neste convenio. Neste último caso, a Universität Wien deberá remitirle á consellería, a través da Secretaría Xeral da Lingua (en adiante, SXL), unha mostra dixital do material.

Nas universidades estranxeiras situadas en cidades nas que haxa centros do Instituto Cervantes, poderanse desenvolver cursos de lingua e cultura galegas neses centros, baixo a supervisión e a coordinación destes, así como colaborar noutras actividades conxuntas a prol da promoción da lingua e da cultura galegas.

2. Adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar as accións recollidas no apartado 1 deste acordo segundo.

A persoa responsable do Centro de Estudos Galegos incluírá na memoria de actuación recollida no acordo quinto unha relación debidamente detallada do material non funxible adquirido con cargo á subvención prevista neste convenio.

3. Presentar, no momento previo á sinatura do convenio e antes de cada un dos pagamentos previstos, a declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social a que fai referencia o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como de non ter débedas pendentes coa Administración pública galega.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para que solicite as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, agás que se opoñan expresamente á devandita consulta.

Terceiro. Compromisos da Consellería

A consellería, a través da SXL, comprométese a colaborar coa Universität Wien na realización das accións previstas neste convenio coas seguintes actuacións:

1. Daralle o apoio institucional e o asesoramento técnico que precise para organizar as actividades recollidas no apartado 1 do acordo anterior.
2. Realizará campañas de divulgación e difusión en relación coas actividades desenvolvidas pola Universidade en aplicación deste convenio, a través da súa páxina web oficial, notas de prensa e de calquera outro medio que considere adecuado á actividade desenvolvida.

Cuarto. Financiamento

A consellería, a través da SXL, colaborará na realización das accións previstas nos acordos deste convenio cunha contribución económica máxima de **catro mil euros (4.000 €)**, con cargo á partida orzamentaria 13.02.151A.790.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

O libramento deste importe a favor da Universidade poderase realizar nunha soa entrega, logo de que se presente a documentación requirida para efectuar o pagamento final ou aplicando o seguinte procedemento:

1. Un anticipo, equivalente ao 50 % da cantidade máxima prevista, cando se cumpran os seguintes requisitos:
 - Que o convenio estea asinado e en vigor.
 - Que a persoa responsable do Centro de Estudos Galegos lle remita á Consellería, a través da SXL, unha programación que conte coa conformidade desta e que indique as actividades previstas para o ano 2026.

Para os efectos deste anticipo e en virtude do disposto no artigo 65.5 do Decreto 11/2009, a universidade queda exonerada da constitución de garantía.

2. Un pagamento final, polo restante 50 %, unha vez que a universidade lle remita á consellería, a través da SXL, antes do 20 de decembro, a seguinte documentación:

- A conta xustificativa a que se refire o acordo quinto.
- Unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para este mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Quinto. Xustificación da subvención

A achega económica do presente convenio destinarase exclusivamente ao financiamento das actividades docentes, culturais e de difusión relacionadas cos estudos galegos na universidade correspondente.

Serán gastos subvencionables aqueles necesarios para a execución das actividades previstas durante o período de vixencia do convenio, como a organización de actividades académicas ou culturais, honorarios de relatores/as e participantes convidados/as, desprazamentos e aloxamento destes/as, materiais didácticos ou bibliográficos, difusión e promoción das actividades e pequenos gastos de organización vinculados ás actividades.

Non serán gastos subvencionables aqueles alleos ao obxecto do convenio, sen relación directa coas actividades, como gastos de representación, agasallos ou de protocolo non vinculados ao obxecto do convenio, gastos ordinarios, adquisición de bens inventariables ou equipamento innecesario, e calquera gasto sen xustificación documental.

Só se financiarán os desprazamentos se están directamente vinculados coas actividades docentes, académicas ou de difusión da lingua e cultura galegas, así como os necesarios para o funcionamento do lectorado. Terán carácter prioritario os desprazamentos das persoas lectoras para a docencia, participación en actividades académicas ou promoción da lingua e cultura galegas. No caso dos desprazamentos da persoa responsable do CEG, só se financiarán os desprazamentos puntuais e que respondan a necesidades concretas e estean debidamente xustificadas. En ambos os casos os desprazamentos deberán contar, en todo caso, coa autorización previa da SXL, que avaliará a súa adecuación aos obxectivos do convenio.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse antes de rematar o ano e coa data límite do 20 de decembro, a persoa responsable do Centro de

Estudos Galegos, ou persoa autorizada, remitiralle á Consellería, a través da SXL, a conta xustificativa simplificada a que se refire o artigo 51 do Decreto 11/2009, integrada pola seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación sobre as actividades levadas a cabo en cumprimento das accións previstas nos acordos deste convenio. Este documento deberá entregarse en soporte informático.
- Unha certificación expedida pola persoa responsable do Centro de Estudos Galegos ou pola persoa titular do órgano que teña atribuídas as facultades de control orzamentario, que acredite a realización das accións previstas neste convenio, así como o investimento da subvención na realización das devanditas accións e o pagamento efectivo destes investimentos. Esta certificación, de non estar redactada en galego ou en castelán, deberá vir acompañada dunha tradución a unha destas dúas linguas, preferentemente á galega.

A maiores, esta certificación incluírá a seguinte información:

- O importe da subvención previsto neste convenio.
 - Se é o caso, o importe e a procedencia dos fondos complementarios a que se refire o acordo décimo segundo.
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos na que se identifique ao acredor e se recolla o documento xustificativo do gasto, o seu importe e a data de emisión e de pagamento.
- Achegaranse tamén os correspondentes xustificantes dos gastos (facturas, recibos etc.) e dos pagamentos.

Se por calquera circunstancia a Universität Wien incumpre a obriga de xustificación da subvención ou incorre en calquera dos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esixírase o reintegro das cantidades percibidas e o xuro de mora correspondente. Non obstante, se a cantidade xustificada é inferior á subvención recollida no convenio, a consellería, a través da SXL, minorará o importe do libramento liquidatorio da subvención concedida, de xeito que, por si só ou, de ser o caso, sumado ao anticipo, se corresponda coa cantidade total xustificada.

Sexto. Centro de Estudos Galegos

Dentro da Universitat Wien, o Centro de Estudos Galegos, sera o rgano de referencia en todas aquelas actividades que se desenvolvan en aplicacin dos acordos deste convenio.

Como responsable deste figurara o profesor Albert Wall, dada a sa vinculacin coa Universidade, que actuara como enlace entre esta e a consellera, a travs da SXL. Esta persoa responsabilizarase de todos aqueles trmites que sexan precisos entre ambas as institucins, velara polo cumprimento dos acordos recollidos neste convenio e debera poner en inmediato conecemento das partes aqueles incumprimentos que, ao seu parecer, se estean a producir.

Se por calquera causa fose preciso substituir a persoa responsable do Centro de Estudos Galegos, a Universitat Wien proporalle  Consellera, a travs da SXL, o nomeamento dunha nova persoa  fronte deste, e esta comunicara a sa conformidade ou non co devandito nomeamento.

Stimo. Control

Os servizos tcnicos da Consellera, a travs da SXL, seguirn e supervisarn a realizacin das accins acordadas neste convenio para verificar a sa adecuacin  finalidade que determinou a concesin da subvencin e, as mesmo, comprobarn a sa axeitada xustificacin desta. No caso de apreciaren incumprimentos, podern formular ao respecto os reparos que consideren oportunos. De non corrixir a Universitat Wien os defectos sinalados, considerarase que se produciu un incumplimento do convenio e este podera ser resolto mediante unha comunicacin escrita e fidedigna  outra parte, nos termos previstos no acordo noveno.

A consellera, a travs da SXL, resrvase o dereito de solicitar toda a documentacin que considere necesaria en relacin coa xustificacin do cumprimento deste convenio.

As mesmo, a Universitat Wien esta obrigada a facilitar toda a informacin que lle sexa requirida pola Intervencin Xeral da Comunidade Autnoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das sas funcins de fiscalizacin e control do destino das axudas pblicas. No cumprimento desta disposicin, as partes deben respectar as normas da Unin Europea, vixentes en ambos os pases,

que se refiren á publicidade de datos de interese público e á protección de datos persoais.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención contida neste convenio e, se é o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar, se é o caso, á modificación do convenio.

Oitavo. Vixencia

Este convenio permanecerá vixente durante o período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de decembro do 2026. En todo caso, ha de indicarse que os efectos económicos consideraranse desde o 01 de xaneiro do 2026 e non é posible a súa prórroga.

Noveno. Causas de resolución e modificación

9.1 Causas de resolución

O convenio resolverase:

- Polo incumprimento total ou parcial dalgún dos acordos que nel se recollen.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas.
- Polo mutuo acordo das partes.
- Cando algunha das partes, por causa sobrevida, o considere lesivo para os seus intereses.
- Cando, por causa debidamente xustificada ou de forza maior, as partes, ou algunha delas, se vexan imposibilitadas para continuar o cumprimento do convenio.

En calquera caso, agás no suposto do mutuo acordo das partes, o acordo de resolución do convenio debe vir precedido da súa denuncia por algunha das partes, formulada polo menos cun mes de antelación.

De resolverse o convenio, a consellería, a través da SXL, esixirá, de ser o caso, o reintegro total ou parcial, segundo corresponda, das cantidades indebidamente achegadas e mais os correspondentes xuros.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá unha causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9.2 Causas de modificación

Os convenios subscritos pola Administración xeral da comunidade autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución.

Décimo. Exoneración de responsabilidade

A sinatura deste convenio non implica ningún tipo de unha relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo primeiro. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha Comisión paritaria de seguimento, constituída por dúas persoas representantes da Subdirección Xeral de Política Lingüística, nomeadas pola persoa titular da devandita Secretaría Xeral, e dúas persoas representantes da Universidade, nomeadas pola devandita Universidade.

Esta Comisión estará presidida por unha das persoas representantes da Subdirección Xeral de Política Lingüística, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver todas as dúbidas que xurdan súa execución e

desenvolvemento do convenio. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

A mencionada Comisión seguirá e supervisará os traballos especificados neste convenio e reunirse dúas veces ao ano para valorar os resultados das accións obxecto deste convenio.

Décimo segundo. Solución de controversias

As posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación dos acordos deste convenio resolveranse mediante o diálogo directo entre as persoas titulares das partes asinantes ou a través da Comisión de seguimento, constituída por dous representantes da Consellería, nomeados polo seu titular, un dos cales actuará como presidente, e dous membros da universidade, nomeados polo/a reitor/a. De non chegar a acordo, será a xurisdición contencioso-administrativa quen resolverá as cuestións litixiosas que xurdan na aplicación deste convenio.

Décimo terceiro. Compatibilidade da subvención

A subvención regulada neste convenio é totalmente compatible coa percepción de calquera outra achega económica para a mesma finalidade.

Con todo, os ingresos, axudas ou subvencións percibidas non poderán superar en ningún caso o custo das actividades subvencionadas.

O importe da subvención non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, solicitados ás distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 100 % do custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte da Universität Wien para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao devandito convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co disposto nos decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

O contido deste convenio será publicado na Base de datos nacional de subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A Universität Wien deberá cumprir cos deberes de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, ao asinaren este convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e mais o resto das especificacións que nel se recollan poidan ser publicados no Portal da transparencia e Goberno aberto.

Décimo quinto. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir en todo momento as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e a garantía dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio, respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE 06/12/2018) e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sexto. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán as esixencias establecidas na a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia (DOG do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da

Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais. Tamén será aplicable á cidadanía, que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicos de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme á política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.

Décimo sétimo. Comunicacions e notificacións

As comunicacions e notificacións derivadas da interpretación, execución e seguimento do presente convenio realizaranse, con carácter xeral, por medios electrónicos, de conformidade co disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Non obstante o anterior, e no caso de que a Universidade asinante non dispoña de sistemas habilitados para a súa integración cos medios electrónicos da Administración pública española, e debido a unha imposibilidade técnica ou material, as notificacións dirixidas a esta practícaranse por medios non electrónicos, preferentemente mediante correo postal certificado con acuse de recibo. Para os efectos de cómputo de prazos, considerarase como data de

notificación aquela na que quede constancia da recepción efectiva da comunicación pola parte destinataria.

Décimo oitavo. Réxime xurídico aplicable

O réxime xurídico aplicable a este convenio é o seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003; Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de acordo coa modificación introducida pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo e coa exclusión dos artigos 78 e 79 e da disposición adicional cuarta, expresamente derogados pola Lei 9/2007; artigo 47

e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Ambas as partes manifestan estaren de acordo e asinan catro exemplares deste convenio, dous en idioma galego e dous en alemán, todos eles con idéntica validez, no lugar e na data indicados.

Asinado en Santiago de Compostela

**O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude**

José Carlos López Campos

**Decano - Facultade de Filoloxía e
Ciencia da Cultura**

Prof. Dr. Stephan Müller